


ÁRBORES SOBRESAÍNTES

- Plantacións que compoñen o Xardín Botánico
- Outras árbores
- Horta dos Naranxos: Colección de especies arbóreas e arbustivas de América do Sur

| | |
|---|---|
| A | *Agathis australis* |
| B | *Araucaria angustifolia* |
| C | *Araucaria heterophylla* |
| D | *Buxus sempervirens* |
| E | *Callitris oblonga, Callitris rhomboidea* |
| F | *Cedrus libani* |
| G | *Corylus avellana* |
| H | *Cryptomeria japonica* |
| I | *Dacrydium cupressinum* |
| J | *Metasequoia glyptostroboides* |
| K | *Pinus canariensis* |
| L | *Podocarpus totara* |
| M | *Prunus avium* |
| N | *Sequoia sempervirens* |
| O | *Sophora japonica* cv. *'Pendula'* |
| P | *Dicksonia antarctica* |
| Q | *Tetraclinis articulata* |
| R | *Ulmus minor* |
| S | *Abies religiosa* |
| T | *Larix x eurolepis* |
| U | *Pinus halepensis* |
| V | *Pseudotsuga menziesii* |
| X | *Quercus ilex* subsp. *ilex* |
| Y | *Pawlonia tomentosa* |
| Z | *Fagus sylvatica* |

**Nota:** O acceso á metade Este da finca (onde se atopa gran parte do *Castanetum* e o *Coniferetum*) está restrinxido a horario laborable (de luns a venres, de 8 a 15 horas), salvo cita previa.

# Itinerario 1

Tempo estimado: 2 horas

Partindo dos laboratorios do Centro onde podemos admirar especies como *Fagus sylvatica* "*Atropurpurea*" o *Aesculus x carnea* (parada 1), seguimo-la estrada e paramos ante o hórreo datado en 1798 e a aira situada fronte ó laboratorio de Fitopatoloxía. 2. De seguido, atopámonos coa estación meteorolóxica, instalada no 1955. 3. Seguindo o noso camiño pola estrada, podemos ver na parada 4 uns rodais de *Larix x eurolepis*, *Picea abies*, *Pinus canariensis*, *Abies pinsapo* e *Quercus rubra*. Un pouco mais arriba (5) atopamos rodais de *Castanea crenata*, *Podocarpus totara*, *Dacrydium cupressinum*, *Ulmus glabra*, *Eucalyptus ficifolia* e *Agathis australis*. Na 6 podemos ver un rodal de *Castanea crenata* e dous de *C. mollissima* e *Pseudotsuga menziesii*. Nos seus arredores podémonos adentrar nunha frondosa masa de *Chamaecyparis lawsoniana* 7. Na parada 8, podemos ver o *Eucalyptetum* e unha colección de variedades de castiñeiro do país (*Castanea sativa*) inxertadas sobre patrón de castiñeiro híbrido (*Castanea crenata x sativa*). O Parque das Rías, coa gruta de Echegaray, a súa frondosa arboreda, as súas Rías e o seu estanque serán a parada 9. Dende o estanque cara abaixo, accedemos a rodais de diversas coníferas (como *Sequoia sempervirens*, varias especies do xénero *Chamaecyparis*, *Taxus baccata*, *Taxodium distichum* e *Abies*







*alba*) e frondosas como *Castanea crenata* 10. Seguindo o camiño, atopámonos co mirador e a mesa de pedra 11. Baixando do mirador, temos un exemplar de *Metasequoia glyptostroboides* e de *Woodwardia radicans* 12,




e baixando pola estrada, chegamos a Fonte dos tres canos, datada en 1802, o lavadeiro, e os exemplares de *Ulmus minor* e *Casuarina cunninghamiana*







13. Subindo pola denominada Avenida das Estatuas, chegamos á Gruta dos Espellos 14, dende onde subimos ata o Pazo 15. Os exemplares de *Sophora japonica*, "*Pendula*", *Cedrus atlántica* "*Glauca*", *Acer japonicum* e *Araucaria heterophylla* constitúen o máis chamativo da parada 16. O Parque das Autonomías sería a parada 17. para subir o invernadoiro de cristal, cos seus exemplares de glicinia, buganvilla e *Strelitzia augusta* 18, dende onde accederemos ós xardíns do estanque 18, onde destacan exemplares de abeleira










(*Corylus avellana*), buxo (*Buxus sempervirens*), *Acer palmatum* e *Ulmus glabra* "*Camperdownii*". Dende aquí, voltaremos ó punto de partida (parada 1).

# Itinerario 2

Tempo estimado: 4-5 horas

Ata a parada 4, coincide co itinerario 1. A partires do rodal de *Quercus rubra*, saímos da finca pola pista situada á nosa esquerda e pasamos, cruzando o camiño veciñal, ó outro lado da propiedade. A parada 5 serán as parcelas de castiñeiro híbrido (*Castanea crenata x sativa*) e de cerdeira (*Prunus avium*).




Seguimos subindo polo camiño e chegamos a unhas parcelas con distintas especies (*Cryptomeria japonica*, *Sequoia sempervirens*, *Cupressus macrocarpa* ...) e eucaliptos (*Eucalyptus cinerea*, *E. pulverulenta* ...) 6. A parada 7 será para ver uns rodais de distintos clons de chopos (*Populus* spp.) e un rodal de *Sequoia sempervirens*. Na parada 8 témo-la colección de coníferas (*Coniferetum*). Baixamos de novo polo camiño veciñal e retomamos o itinerario 1 na parada 5 deste, que sería a 9 para nós. As paradas 6 e 7 do itinerario 1 serían agora as 10 e 11. A parada 12 será para ve-los rodais de *Prunus serotina*, e de varias especies de *Quercus* e *Nothofagus*. A continuación, atopámonos (parada 13) con rodais de *Pinus strobus* e *Pinus patula*. Na parada 14, podemos ver tres exem-




plares de *Fagus sylvatica* adultos. As paradas 15, 16, 17, 18 e 19 coincidirían coas paradas 8, 9, 10, 11 e 12 do itinerario 1.




Na parada 20 podemos ver unha representación de distintas especies de frondosas autóctonas que podemos atopar en Galicia (*Fraxinus excelsior*, *Betula alba*, *Fagus sylvatica*, *Prunus avium* ...). Na parada 21 podemos ver distintas especies australianas (*Callitris*




*rhomboidea*, *C. oblonga*, *Callistemon* spp, *Melaleuca* spp...). A 22 amósamos variadas especies de frondosas tanto autóctonas (*Quercus robur* ...) como introducidas (*Quercus rubra*). Na parada 23, xa na estrada de acceso a esta finca, vemos a Fonte da Cuncha e un rodal de *Castanea crenata*. Subindo pola mencionada pista asfaltada, chegamos á Fonte dos tres canos 24, que coincide coa parada 13 do itinerario 1. A partires deste punto, os dous itinerarios solápanse, polo que as paradas 25, 26, 27, 28, 29 e 30 correspóndense coas 14, 15, 16, 17, 18 e 19 do itinerario 1, ata acabar na común parada 1.




